

BASES QUE DEBEN REXER A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NO CAMPAMENTO URBANO CONECTA MOCIDADE 2026

Primeira.- Obxecto

O Concello de Salceda de Caselas presenta esta actuación en colaboración coa fundación Inspiring Girls, a través do grupo Stellantis.

As accións están destinadas á formación no bo uso das tecnoloxías e as habilidades sociais, a promoción da ciencia na infancia, especialmente nas nenas e no acompañamento de menores para favorecer a conciliación entre os 8 e os 12 anos de idade.

Para isto, desenvolveranse experiencias recreativas divididas en dous apartados principais. O uso das novas tecnoloxías, que ocupará 2 horas diarias, e actividades lúdicas especialmente vinculadas á socialización e ao respecto a través do xogo e do deporte, que ocuparán as outras 2 horas.

Segunda.- Servizo

O **campamento urbano “Conecta Mocidade”** realizarase na Casa do Concello os días 21, 22, 23 e 24 de xullo de 2026:

- **Lugar de entrega e recollida dos/das menores:** porta do auditorio municipal (lateral da Policía Local)
- **Datas:** 21, 22, 23 e 24 de xullo de 2026
- **Horario:** de 10.00 a 14.00 horas
- **Idades:** desde os 8 ata os 12 anos de idade

Terceira.- Obxectivos

Os obxectivos que se perseguen coa realización deste campamento son:

- Favorecer a conciliación familiar e laboral durante os períodos estivais.
- Promover un uso responsable das novas tecnoloxías ensinando as normas básicas de seguridade dixital adaptadas á súa idade.
- Fomentar a convivencia, socialización e o traballo en equipo.
- Promover o desfrute activo do tempo libre.
- Impulsar o interese científico na infancia, especialmente nas nenas.
- Favorecer un estilo de vida equilibrado a través da combinación da tecnoloxía e o movemento.

Cuarta.- Requisitos de acceso ao servizo

Serán beneficiarias a infancia e a xuventude empadroadas no Concello de Salceda de Caselas.

As prazas adxudicaranse por orde de entrada no Rexistro do Concello.



Quinta.- Presentación de solicitudes

As solicitudes realizaranse a través do Rexistro municipal do Concello de Salceda de Caselas ou a través da Sede electrónica en que se achegue o formulario da solicitude debidamente cuberto e o resto de documentación solicitada. Será preciso realizar unha solicitude por cada menor.

O modelo de solicitude de admisión poderá obterse no Rexistro municipal do Concello ou na web do Concello de Salceda de Caselas.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o luns 15 de xuño.

Os modelos de solicitude que non estean debidamente cubertos poderán ser excluídos do proceso de selección de participantes.

As solicitudes que entren antes de comezar o prazo de inscrición pasarán a colocarse ao final da listaxe.

Sexta.- Documentación

- a) DNI de pai, nai ou representante legal
- b) DNI ou documentación identificativa do/da menor

Sétima.- Adxudicación de prazas

As prazas serán adxudicadas por orde de entrada no Rexistro municipal.

Publicación de prazas concedidas: a listaxe de persoas admitidas en cada quenda publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web deste.

Oitava.- Baixas

Serán causa de baixa as seguintes:

- A baixa voluntaria da familia
- A non incorporación xustificada ao campamento
- Non notificar no modelo de solicitude de admisión se o/a menor ten algunha alerxia, intolerancia, enfermidade, discapacidade ou característica que os/as profesionais deban coñecer para garantir a súa seguridade e benestar.
- A comprobación de falsidade na documentación achegada.
- A non asistencia sen causa xustificada.
- O incumprimento nos horarios de entrega e recollida dos/das menores. A recollida só poderán realizala as persoas legalmente responsables ou persoas previamente autorizadas no modelo de solicitude de admisión presentado no Rexistro.
- O incumprimento reiterado de normas de convivencia do/da menor ou das familias que dificulten e poñan en risco o bo desenvolvemento da actividade de ocio.

